

REGULAMENTO

VIII RUTA BTT "LOS 66 DEL REQUESON"

Marcha ciclodeportiva en bicicleta de montaña

1.- A Asociación Cultural Deportiva Sanomedio organiza a VII Ruta BTT "LOS 66 DEL REQUESON" no Concello de As Neves Provincia de Pontevedra –Marcha Ciclodeportiva de bicicleta de montaña, que terá lugar o domingo 24 de Marzo de 2019, cun percorrido de 66 km. aprox., de dificultade técnica e física media. A mesma será de carácter non competitivo. A saída terá lugar ás 9:00 horas dende a Praza Maior de As Neves e a chegada establecese como límite as 16:00 na mesma praza.

2.- Poderán participar na ruta tódalas persoas maiores de 18 anos, e maiores de 16 anos con autorización do tutor legal, que realizaran axeitadamente o proceso de inscrición e abonasen os 10€ da inscrición.

3.- O prazo para inscribirse finalizará o 21 de Marzo as 23:59 horas.

A inscrición dará dereito á participación na proba, e incluirá o avituallamento (sólido e líquido), agasallo conmemorativo, participación en sorteos, servizo de lavado de bicicletas, servizo de taller, servizo de ambulancia, servizo de recollida no caso de avaría, seguro R.C. e de Accidentes e duchas. Só serán considerados participantes, aqueles que realizaran a inscrición correctamente e levan o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal será facilitado pola organización.

4.- A concentración e entrega de dorsais terá lugar a partir das 8:00 horas do domingo 24 de marzo nos postos habilitados na Praza Maior de As Neves. A saída efectuarase ás 9:00 horas. A recollida de dorsais farase de xeito individual. Ó rematar a ruta, os participantes entregarán o dorsal e se lles obsequiará cun regalo conmemorativo.

5.- O emprego do casco é obrigatorio, en non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta. A organización non se fai responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, así como, os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da ruta.

6.- O percorrido da ruta transcorre na práctica totalidade por camiños rurais e forestais dos Concello de As Neves, Arbo e A Cañiza, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Víaria e no Regulamento Xeral de Circulación.

Haberá dúas opcións de percorrido que difiren na distancia: unha curta (33km aproximadamente) e outra longa (66km aproximadamente) para os que queiran asumir o reto completo da "Ruta 66 do Requeixo".

7.- Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar o lixo en todo o percorrido a excepción dos contenedores situados no punto de avituallamento e de inicio e final de ruta.

8.- En todo momento se respectarán e acatarán as ordes e directrices da organización.

9.- A organización contará con servizo de ambulancia a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil de de Accidentes (limitado), non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT.

10.- A Organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como á modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.

11.- O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.